

MILES DE PERSOAS MOBILIZÁRONSE POLAS RÚAS DE SANTIAGO AO BERRO UNÁNIME DE MÁIS E MELLOR SANIDADE PÚBLICA PARA GALICIA

Redacción.- Miles de persoas mobilizáronse o pasado domingo en Santiago baixo o lema “Máis atención primaria, máis atención hospitalaria, máis sanidade pública”. A manifestación, convocada por SOS Sanidade Pública, plataforma da que UGT forma parte, saíu a media mañá da Alameda compostelana e rematou na Praza do Obradoiro.

Nesta mobilizacións reclamouse:

MÁIS ATENCIÓN PRIMARIA

Centros de saúde e PAC dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-24 horas máximo; con consultas presenciais á solicitude do paciente; e reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e



cortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución

ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de espera e rematar coa ocultación das mesmas; reforzar as unidades de saúde mental tanto de adultos como infanto-infanto-xuvenil; acabar coa precariedade laboral do persoal; e esixencia da dedicación exclusiva ao persoal médico.

MÁIS SANIDADE PÚBLICA

Incrementar o orzamento sanitario público; elaborar un Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as áreas sanitarias pechadas; e potenciar a Saúde Pública para combater os riscos e as epidemias para a saúde.



a participación social. Garantir o modelo de Atención primaria con especialistas de pediatría nos centros de saúde. Reforzar a capacidade da Atención Primaria de dar resposta aos problemas de saúde mental coa presenza da psicoloxía clínica.

MÁIS ATENCIÓN HOSPITALARIA

Utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar os re-



UGT MOBILIZOUSE POLO DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA

Redacción.- UGT participou este sábado nas mobilizacións que tiveron lugar en Galicia polo dereito á vivenda. Co gallo destas mobilizacións, o Sindicato emitiu un manifesto no que se reclama que se garanta o dereito constitucional a unha vivenda digna, adecuada e sostible fronte á especulación. UGT argumenta que «a gravidade do problema e a insuficiencia das medidas adoptadas polos poderes públicos para facilitar o exercicio dun dereito fundamental obríganos a situar o dereito á vivenda como unha absoluta prioridade».

Ao seu xuízo, a clase traballadora é a que máis está a sufrir esta situación, co consecuente lastre para a vida presente e futura de moita xente. Para UGT, «as políticas de vivenda aplicadas durante décadas, con variantes en intensidade e tempo distintas, pero un fío condutor común, son directamente corresponsables de que millóns de persoas non poidan acceder a unha vivenda digna, así como do empobrecemento da clase traballadora, que debe destinar gran parte do seu salario ao pago de alugueiros e hipotecas a prezos desmedidos».

UGT sinala como un dos principais problemas os incumprimentos na aplicación da lei polo dereito á vivenda en moitas comunidades autónomas, o que impediu poñer en marcha as medidas contidas na norma. Segundo UGT, «é urxente facer cumprir a lei polo dereito á vivenda ampliando a competencia de declaración de zona tensionada ás entidades locais, no caso de que as comunidades non queiran facelo, e condicionando

o financiamento do Estado en materia de vivenda ao cumprimento da lei».

Ademais de sinalar as causas que propiciaron esta grave crise no acceso á vivenda, ambos os sindicatos precisaron tamén que medidas deberían poñerse en marcha para comezar a solucionar esta situación. Respecto diso, cualificaron de «imprescindible» a limitación do prezo do alugueiro nas zonas tensionadas, ademais de regular e limitar novos fenómenos vinculados a formas de arrendamento temporal que contribuíron a elevar os prezos do alugueiro -como o alugueiro turístico, de tempada e habitacional-. No caso do alugueiro de tempada e habitacional, insisten, «regulando o seu uso para evitar que se convertan na fórmula usada polos propietarios para eludir a lei».

E, en canto ás dificultades de acceso á vivenda en propiedade, desde UGT subliñan a necesidade de «transformar o mercado hi-

potecario e ir cara un modelo que garanta e facilite o acceso ao financiamento hipotecario ás persoas traballadoras que desexen comprar unha vivenda en condicións sostibles».

O manifesto finaliza remarcando a transcendencia da situación actual e que «requirir a adopción de medidas determinantes e eficaces, tanto no curto como no longo prazo, como a necesaria intervención do mercado do alugueiro; a creación dun gran parque de vivenda pública en alugueiro social e a prezos alcanzables con carácter permanente; mobilizar, adquirir e rehabilitar vivenda privada do stock de vivendas baleiras existente nas zonas tensionadas para a súa posta en alugueiro a prezos alcanzables, con garantías xurídicas e de pago aos propietarios desde as administracións; desincentivar fiscalmente o uso da vivenda como negocio; e que o esforzo dos fogares para alugar ou comprar unha vivenda non sobrepase o 30% dos ingresos».



NOEMÍ ÁLVAREZ, NOVA SECRETARIA XERAL DE UGT-OURENSE-VALDEORRAS-VERÍN

Redacción.- O Congreso de UGT-Ourense-Valdeorras-Verín, que se celebrou o pasado venres na cidade das Burgas, elixiu á nova Comisión Executiva que estará ao fronte do Sindicato na Comarca do vindeiro mandato. Ao fronte da mesma estará Noemí Álvarez, como secretaria xeral.

Daniel Fernández será o secretario de Organización e Administración; ao fronte da Secretaría de Igualdade estará María Pilar Fernández; Diana López será a secretaria de Dereitos Sociais; e Francisco Javier

Quintas será o secretario de Política Institucional.

Neste Congreso o secretario xeral saínte, que agora ocupa a Secretaría xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, na súa intervención insistiu en que é o



momento de dar un paso xigante e seguir construíndo un sindicato máis forte, máis unido e máis próximo á xente. Apostou porque UGT continúa traballando polos dereitos laborais, por un futuro máis xusto e máis verde e por unha sociedade máis igualitaria.

Fixo unha especial mención á necesidade de traballar entre todos e todas por unha realidade social e laboral que lle de aos máis mozos a posibilidade de realizar a súa carreira laboral e proxecto vital nesta Comunidade en condicións dignas, con empregos de calidade que lle garantan a posibilidade dun futuro e que non teñan que saír fóra.

Ademais, apostou por servizos públicos de calidade, garantir o dereito a unha vivenda digna e que os maiores se convertan nunha prioridade para as administracións. A loita pola igualdade en todos os eidos, incluído o laboral, e a loita contra as violencias

machistas tamén deben ser prioritarias, e, así, UGT comprométese nunha loita incansable pola igualdade real.

Engadiu que se aveciñan tempos complexos e UGT vai estar aí, non vai dar un paso atrás, como xa fixo durante as crises anteriores, na busca de solucións xustas para non deixar a ninguén atrás. Neste senso, o diálogo social vai seguir sendo unha prioridade para o Sindicato.

Xa, para pechar o Congreso, tomou a palabra a nova secretaria xeral, Noemí Álvarez, quen agradeceu aos delegados e delegadas a confianza depositada na nova Executiva e comprometeuse a traballar por unha UGT na Comarca forte e cohesionada, así como a traballar sen descanso pola mellora das condicións sociais e laborais dos traballadores e traballadoras da provincia de Ourense e por un modelo económico e laboral xusto, igualitario e susten-

table.

Recoñeceu que a esta nova Executiva tócalle botar a andar nun difícil contexto pero garantiu que o vai facer con ilusión e determinación. A loita pola redistribución da riqueza, polo mantemento do estado de benestar, pola dignificación dos coidados, pola igualdade e pola cohesión social vai ser diaria.

E, para iso, indicou que “imos apostar por máis e máis diálogo a nivel institucional e nas empresas, negociando cando sexa necesario pero mobilizándonos tamén cando o demanden os traballadores e traballadoras”, engadiu.

Finalmente, comprometeuse a traballar man a man con todos os organismos de UGT na provincia para facer un sindicato máis forte, con mellores índices de representación e afiliación.

UGT SP DENUNCIA FALTA DE CUMPRIMENTO ÍNTEGRO DO ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

Redacción.- As organizacións sindicais CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP compareceron publicamente o pasado venres para denunciar a falta de cumprimento íntegro do Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo, asinado coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia. A situación, logo de case un ano e medio da sinatura, esixe unha resposta clara por parte da Consellería e do presidente da Xunta, que ao fin e ao cabo, foi a persoa que asinou dito Acordo.

A denuncia principal é que a Lei 5/2024 de medidas fiscais e administrativas non garante a execución do Acordo. Pola contra, estase a utilizar como ferramenta para entorpecer a aplicación de compromisos asinados — e para dilatar no tempo outros aspectos fundamentais, como a redución progresiva de ratios no marco do Acordo de agrupamentos.

A situación actual revela feitos gravísimos que queremos facer chegar a toda a comunidade educativa e á sociedade galega:

Existe unha interpretación restrictiva e obstrucionista por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo e das xefaturas territoriais da Inspección. Sexa por acción ou por omisión, o certo é que se están freando de forma sistemática os avances pac-



tados no Acordo.

Non se nos facilitan datos obxectivos e esenciais, como as cifras reais de matrícula ou as «fotos fixas» por grupo escolar, necesarias para comprobar a aplicación das novas ratios. Alén diso, algúns equipos directivos recibiron ameazas por parte da Administración para que non colaboren coas organizacións sindicais nin faciliten ningún tipo de información.

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, é asinante do Acordo. Con todo, véñense ignorando as numerosas solicitudes de reunión presentadas por escrito polas organizacións sindicais asinantes, en diferentes datas e canles. Reclamamos unha entrevista directa co máximo responsable político

do enfoque que se lle está dando ao cumprimento deste Acordo.

Ante esta situación, os sindicatos asinantes estamos a esgotar os prazos legais da vía administrativa para dar o paso á vía xudicial con garantías. Este camiño, lento pero sólido, é a nosa aposta por un sindicalismo serio, firme e eficaz, centrado en acadar resultados reais para o conxunto do profesorado galego. Xa temos en marcha o proceso contencioso-administrativo e a nosa aspiración é que se resolva cunha sentenza semellante á da Comunitat Valenciana, que obrigou alí ao goberno autonómico a contratar case 2.000 docentes por incumprimento dun acordo similar. Do mesmo xeito, tamén presentamos unha reclamación administrativa pola aplicación in-

correcta do 10 % de incremento nos complementos de sexenios e titoría. Esta reclamación será acumulada no proceso xudicial para reclamar todos os dereitos vulnerados.

Chamamos a toda a Comunidade Educativa a que se implique activamente e denuncie as situacións de incumprimento, como o recente intento da Consellería de volver aplicar ratios de 25 alumnos en Infantil e Primaria, especialmente na área de Vigo, aínda que tamén noutras zonas de Galicia. Este proceder, denunciado publicamente polos centros, e a reclamación das organizacións asinantes, obrigou a

Consellería a dar marcha atrás e cumprir no proceso de admisión de alumnado as ratios que recolle o Acordo.

Queremos rematar agradecendo aos sindicatos que non asinaron o Acordo e que o denominaron no seu momento como «Acordo da miseria», que hoxe reclamen vehementemente a súa aplicación. Instámoslos, por coherencia, a que se sumen ao mesmo coa súa sinatura e axuden a construír a unidade sindical que demandan noutros contextos e que se aplica con éxito noutras comunidades autónomas.

A diferenza entre quen se limita a protestar e quen traballa con rigor por avances concretos é que só as organizacións que asinamos e defendemos o Acordo estamos acadando constantemente conquistas reais para o profesorado galego.

A nosa folia de ruta está clara: denuncia pública, mobilización, acción institucional e vía xudicial.

Seguiremos a esixir o cumprimento íntegro do Acordo ata as últimas consecuencias. Porque cumprir os acordos non é unha opción: é unha obriga.

UGT SERVIZOS PÚBLICOS A CORUÑA DENUNCIA O DETERIORO DAS CONDICIÓNS LABORAIS NA RESIDENCIA DE MAIORES DE CARANZA (FERROL)

Redacción.- UGT pon en evidencia a difícil situación que atravesamos a Residencia de Maiores de Caranza (Ferrol). A falta de persoal e a mala organización, por parte da dirección do centro, están afectando gravemente á calidade do traballo e á saúde emocional do persoal, ao que se suma, ademais, a apertura de varios expedientes disciplinarios a traballadoras con anos de experiencia

UGT-SP denuncia que, coa incorporación da nova Dirección do centro de traballo, a situación na Residencia volveuse aínda máis difícil, o que xerou un ambiente de malestar e desconfianza entre todo o persoal.

Persoal escaso, falla de substitucións e unha organización interna deficiente son algunhas das causas que empeoraron o día a día no centro, o que fai que as condicións de traballo non sexan dignas para o persoal,

creando un entorno laboral cada vez máis tóxico.

Un dos feitos que deixou ao descuberto a gravidade da situación foi a recente avaliación de riscos psicosociais realizada ao persoal en xaneiro deste ano. Os resultados revelaron que os riscos psicosociais no centro son elevados en todas as áreas, o que amosa de forma clara que as condicións de traballo son moi prexudiciais para a saúde mental e emocional do persoal do centro.

Esta situación leva moito tempo sen solución

UGT-SP denuncia que, tanto a dirección do centro como os responsables da Consellería de Política Social e Igualdade, son conscientes desta situación pero ata o de agora non se fixo nada para mellorar as condicións laborais, aínda que teñen todas

as ferramentas necesarias para solucionar a problemática do centro.

Inxustizas laborais con consecuencias graves

Por parte do Centro, non só non teñen solucionado o problema, senón que optaron por abrir varios expedientes disciplinarios a traballadoras sen que nos consten a día de hoxe que haxa causas obxectivas para elo. Podemos estar ante una represalia cara a determinado persoal, o que está crispando aínda máis o clima laboral no centro de traballo.

UGT-SP fai un chamamento á Consellería de Política Social e Igualdade para que se restituía a dignidade e o respecto de todo o persoal do centro. Cos dereitos do persoal da Residencia de Maiores de Caranza non se xoga.

FeSMC condena o intento de agresión a un vixiante de seguridade no Hospital de Barbanza

Redacción.- Desde FeSMC UGT Galicia, condenamos os feitos que tiveron lugar no Hospital de Barbanza, e solidarizámonos co vixiante que sufriu o intento de agresión cun coitelo, non producíndose, afortunadamente, ningunha lesión importante do compañeiro que tivo que intervir con axuda policial.

O sector da seguridade necesita unha urxente regularización que dote ao colectivo dunha maior protección física e xurídica, colectivo que un día e outro tamén se xoga a vida nos centros Hospitalarios da Rede Sergas e nin sequera é considerado como per-

soal de Alto Risco.

Están a producirse nestes tempos un aumento das agresións e intentos de agresión en todos os centros da Rede Sergas, como o evidencia o apuñalamento sufrido outrora por un vixiante no Hospital de Lugo, as reiteradas agresións no hospital de Vigo e A Coruña así como este último no Hospital do Barbanza, e que non houbo que lamentar nada máis grave.

É primordial que ao colectivo, entre outros moitos aspectos, se dote de seguridade nesta Rede Sergas co respaldo de máis medidas de protec-

ción, así como máis persoal nos centros de Urgencias e nos Centros Psiquiátricos non deixando desamparado a un vixiante só nestes centros de especial conflictividade.

Dentro da campaña Á miña QUEN ME PROTEXE realizada pola UGT a nivel estatal búscase a implicación do defensor do pobo para que inste ao Goberno a establecer os mecanismos necesarios para evitar ou reducir con medidas concretas unha secuela que somete ás persoas traballadoras a continuas agresións ante a pasividade de empresas, clientes e institucións.

UGT DENUNCIA O ATAQUE AO DIÁLOGO SOCIAL E Á REFORMA LABORAL PACTADA DE 2021 COA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 15.5 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES

Redacción.- Esta emenda lexislativa, introducida polos grupos parlamentarios do Partido Popular, VOX e JUNTAS, representa unha ruptura intolerable do acordo alcanzado na reforma laboral de 2021, froito do diálogo social entre organizacións empresariais, sindicatos e o Goberno.

Esta modificación legal, que amplía de 90 a 120 días o límite anual do contrato temporal por circunstancias da produción exclusivamente para as empresas do sector agrario e agroalimentario, é unha regresión que ataca frontalmente a calidade do emprego e perpetúa a precariedade nun dos sectores máis castigados pola temporalidade no noso país.

A reforma laboral pactada en decembro de 2021 demostrou ser un éxito incuestionable: reduciu os niveis de temporalidade ata cifras nunca vistas en España, achegándonos ao modelo europeo e consolidando figuras como a do fixo discontinuo en sectores estacionais. Trátase dunha reforma que, por primeira vez en décadas, converteu o emprego estable na norma e non na excepción.

A aprobación desta medida, sen participación nin consulta nos marcos do diálogo social, vulnera os principios fundamentais da concertación social e rompe o equilibrio alcanzado entre as partes asinantes da reforma. Resulta escandaloso comprobar como forzas políticas de dereitas e extrema dereita, que se declaran mutuamente incompatibles e que mesmo promoven medidas para encarcerarse entre si, son capaces de poñerse de acordo cando se trata de

atacar os dereitos laborais das traballadoras e os traballadores.

Desde UGT esiximos ás organizacións empresariais asinantes da reforma —CEOE e CEPYME— que se somen ao rexeitamento desta modificación e denuncien, xunto con sindicatos e Goberno, a quebra do pacto alcanzado o 22 de decembro de 2021.

Así mesmo, anunciamos que desde UGT promoveranse mobilizacións en todos os ámbitos afectados, empezando polo sector agrario e agroalimentario en Cataluña, onde o apoio de JUNTAS a esta medida supón unha traizón aos traballadores e traballadoras do campo catalán. JUNTAS, co seu apoio explícito a esta reforma regresiva, se alía co partido de extrema dereita estatal para rebaixar dereitos e precarizar o emprego.

Resumo dos cambios lexislativos efectuados:

A Lei 1/2025 modifica o artigo 15.2 do Estatuto dos Traballadores para incluír expresamente as campañas agrarias e agroalimentarias entre as circunstancias que



permiten o uso do contrato temporal por un máximo de 120 días ao ano, fronte ao límite xeral de 90 días. Esta excepción, ademais, permite a celebración destes contratos para campañas de curta duración cun máximo de 120 xornadas reais anuais, discriminando ao conxunto de traballadoras e traballadores do sector primario e industrial asociado, e vulnerando a igualdade no tratamento xurídico-laboral.

Desde UGT non imos permitir que se normalicen réximes de excepcionalidade que perpetúan a temporalidade estrutural. O campo e a industria agroalimentaria merecen respecto, dignidade e condicións laborais equiparables ao resto do mercado de traballo. Xa abonda de excepcións á carta que rompen o diálogo social e condenan a miles de persoas á precariedade laboral!

UGT FICA RECLAMA A XUBILACIÓN ANTICIPADA CON COEFICIENTES REDUTORES PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS DA CONSTRUCCIÓN

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Afíns de UGT e CCOO do Hábitat acordaron presentar unha solicitude á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para que as persoas traballadoras dos Grupos I ao VI do Anexo XI do Convenio Xeral da Construción, que son quen sofre maior risco de sinistralidade, poidan ver afectados por coeficientes redutores para optar á xubilación anticipada. Así o anunciaron os secretarios xerais de UGT FICA, Mariano Hoya, e de CCOO do Hábitat, Daniel Barragán, en rolda de prensa conxunta, na que reiteraron a necesidade



de que se apliquen coeficientes redutores, como xa ocorre noutros sectores económicos, tamén para as persoas traballadoras do sector.

Ambos líderes sindicais anunciaron que esta petición vai complementar coa campaña "Xustiza na xubilación para o sector da construción! Coeficiente redutores xa", unha campaña conxunta de mobilización coa que ambos os sindicatos pretenden dar unha maior visibilización a esta reivindicación histórica no sector da construción como é que as persoas traballadoras de obra poidan xubilarse anticipadamente en condicións dignas.

Mariano Hoya e Daniel Barragán advertiron ademais que van facer uso das dúas fórmulas legais parar poder cumprir con este obxectivo, como son, por unha banda, un acordo entre os axentes sociais do sector que inclúa á patronal que, de momento, negouse a subscribilo, e por outra banda, reclamando á administración pública que actúe de oficio, e de aí a presentación da solicitude acordada por ambos os sindicatos a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

Tanto Mariano Hoya como Daniel Barragán insistiron en que se trata dunha reclamación de xustiza xa que, a pesar de gozar dunha boa saúde en termos de beneficios, o sector da construción rexistrou en 2024 as peores cifras de sinistralidade da última década. En termos de idade, máis da metade dos accidentes rexistrados no sector sufríronos persoas traballadoras da franxa de idade entre os 50 e os 64 anos, e entre estes, o número de persoas traballadoras accidentadas maiores de 60 anos creceu un 65% entre 2020 e 2023.

Ademais, como sinalou Mariano Hoya, "a xubilación anticipada con coeficientes redutores, axudaría a que se produza a

substitución xeracional que vén demandando o sector, e sobre cuxa necesidade empresas e sindicatos vimos coincidindo, coa incorporación de persoas traballadoras novas". A este respecto, "esta sería unha medida fundamental para impulsar este proceso renovador", e por iso "gustaríanos que a patronal CNC se sumase á nosa petición, que sería moito máis sólida á hora de conseguir estes obxectivos, que van beneficiar ao sector no seu conxunto e van producir un efecto de rexuvenecemento importantísimo que, neste momento, é moi necesario".

O secretario xeral de UGT FICA debullou as causas que están na orixe dos accidentes entre as persoas traballadoras do sector, entre os que situou, a alta taxa de envellecemento do sector, que se sitúa entre o 7 e o 7,5% do total de poboación, e que se traduce na diminución das capacidades físicas e psíquicas, perda de capacidade muscular, que pode chegar ao 65% aos 60 anos, que vén unirse a outras perdas como as auditivas, visuais e cognitivas.

Os accidentes máis frecuentes que afectan á poboación maior no sector son o sobreesforzo físico (35,8%), golpes sobre ou contra obxectos como resultado dunha caída (15,7%), Golpes sobre ou contra obxectos como resultado dun tropezou ou choque contra un obxecto inmóbil (9,9%), choque ou golpe cun obxecto que cae ou se desprende (7,1%), e contacto cun axente material cortante (4,3%). Segundo os datos provisionais de 2024 fornecidos polo Ministerio de Traballo, no sector de Construción producíronse, en total, 86.205 accidentes, dos cales 81.697 accidentes foron en xornada de traballo (aprox. 95 %), o que vén confirmar que se trata do sector con maior sinistralidade dos do ámbito da Federación. É máis, desde 2015, o número de accidentes de traballo con baixa en xornada, aumentou nun 64,7 %; de 49.574 en

2015 a 81.697 en 2023.

A peor situación, como desgraciadamente adoita ser habitual no sector, corresponde aos accidentes mortais, desde 2015 ata 2024 fomos testemuñas dun aumento dun 52 % (86 mortais en 2015 fronte a 135 en 2023), manténdose nos xa preocupantes niveis do ano anterior (135 mortos en 2024, fronte a 131 en 2023).

Por que pedimos coeficientes redutores para estas persoas traballadoras?

Pola penosidade e perigo das súas actividades.

Pola toxicidade á que ven expostos polo uso de materiais e substancias tóxicas no seu traballo. Pola deterioración física e mental como consecuencia:

- do esforzo continuado que teñen que realizar en longas xornadas e destaxos.

- das condicións climáticas e laborais adversas nas que traballan.

Polo aumento das posibilidades de accidentes.

Porque sofren maiores niveis de incapacidade temporal, enfermidades e invalidez.

Porque se ven expulsados do mercado de traballo, ao ser considerados "pouco produtivos", ou permanecer longos períodos de baixa por enfermidade.

O sector necesita unha urxente dignificación social e mellora de imaxe para facilitar a substitución xeracional. A aplicación de coeficientes redutores para anticipar a xubilación, xunto co Plan de Pensións sectorial, sería un forte incentivo para atraer aos mozos.

UGT denuncia a exclusión do sindicato do test de mercado da CNMC sobre a OPA do BBVA ao Banco Sabadell

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) manifesta o seu profundo malestar ante a decisión da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) de non incluír a este sindicato no test de mercado que lanzou en relación coa OPA do BBVA sobre o Banco Sabadell, a pesar de dirixilo a diversas cámaras de comercio, asociacións empresariais e empresas.

UGT lembra que solicitou formalmente a súa comparecencia no expediente C/1470/24, petición que foi desestimada pola CNMC, o que motivou a interposición dun recurso contencioso-administrativo

ante a Audiencia Nacional. Esta exclusión contravén a xuízo do sindicato os principios de pluralidade e participación efectiva nun asunto con profundas implicacións económicas, sociais e laborais para o país.

A operación exposta polo BBVA pode supoñer a perda de ata 10.500 empregos directos, así como o peche de entre 589 e 883 oficinas en todo o territorio, afectando especialmente a comunidades como Cataluña, Comunidade Valenciana, Asturias ou Galicia. Ademais, a concentración bancaria resultante da fusión elevaría o control do mercado por parte de dúas grandes entidades a preto do 74% das oficinas, en de-

trimento da competencia, a calidade do servizo e a inclusión financeira, especialmente en zonas rurais e entre a poboación máis vulnerable.

UGT representa actualmente a case 150 delegados sindicais elixidos polas persoas traballadoras en BBVA e Banco Sabadell, e considera que ostenta un interese directo e lexítimo neste procedemento, ao defender os dereitos laborais de miles de persoas empregadas en ambos os grupos. O impacto sobre o emprego, a dispoñibilidade de crédito e o equilibrio do sistema financeiro non pode ser avaliado unicamente desde a óptica empresarial.